

**Acta núm. 11/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 12 de maio de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 12 de maio de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2020, DO 06.05.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) CORRECCIÓN DE ERROS.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2020, DO 06.05.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 06.05.2020, acta núm. 10/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRO PÉREZ MUÑUZURI, na que comunica que vai construír un galpón para gardar apeiros de labranza, de aproximadamente 17,50 m2, separando un mínimo de 3 m. de todos os lindeiros, no lugar de Pousada nº 25 – Viceso. O galpón disporá dunha ventá para ventilación e dunha porta de acceso.

A parcela (referencia catastral nº 0757114NH2405N0001TY) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1) e sitúase dentro da aldea de Pousada, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como VE3.

A Xunta de Goberno Local, a vista da resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, expte. 439/20, asinada o 15/04/2020, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As fachadas serán enfuscadas e pintadas nunha cor da gama dos brancos, e a cuberta será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 200,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 264,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da C.P. ED. DEBESA DA GÁNDARA 3B, na que comunica que vai realizar as seguintes obras de reparación e conservación no edificio situado na rúa Inxerido nº 5- Brión:

- Picado, impermeabilización e colocación dun novo solado nas terrazas.
- Retirada do aplacado de pedra actual, impermeabilización e novo revestimento de morteiro monocapa e pintura nas fachadas.

A edificación onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 4 do PXOM (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 518,32 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 582,89 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL PADÍN CARNOTA na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda situada en Cornanda nº 9 – Cornanda:

- Substitución das tellas actuais en mal estado por tella nova, sen incrementar o volume da cuberta da vivenda.
- Levantamento dun muro de peche de pedra de aproximadamente 10 metros de lonxitude.

A parcela (7336801NH1473N0001FA) onde sitúa a vivenda e se pretenden realizar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A liña do muro de peche de pedra situarase mínimo a 4 metros do eixo do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 71,98 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 136,55 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVA CASTRO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en varias edificacións sitas en Gundín nº 5- Os Ánxeles, para garantir as condicións de estanquidade e illamento:

- Limpar, pintar as fachadas, e colocar recercados de granito nas ventás da vivenda.
- Limpar a cuberta, botar un pavimento de formigón e enfuscar as paredes do alpendre.

A parcela (5442805NH2454S0001IJ) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 170,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 234,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSÉ CARLOS GARCÍA FREIRE, na que comunica que vai substituír o portalón de entrada de vehículos manual existente nunha parcela sita en Estrar nº 7- Os Ánxeles, por outro automático.

A parcela (7142801NH2474S0001XW) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 29,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 93,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Francisco Javier Bouza Cabarcos, que di actuar en representación de ASSENG PROYECTOS Y TRAMITACIONES S.L., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada dunha liña trifásica de baixa tensión para unha potencia de 60 kW, desde o CT Liñares autovía ata o armario de medida a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización da mencionada rede realizaranse dúas gabias dunha lonxitude total de 152 metros e 38 metros de rede grampada ao muro do ponte da autovía de Santiago – Brión, AG-56, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Francisco Javier Bouza Cabarcos, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de data 13/08/2019, visado nº 20192154.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº002202600NH24F0001IJ), situase en Liñares nº53 – Brión, e está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, e nela existe unha edificación que data do ano 1991.

A actuación pretendida realizase dentro da zona de dominio público e dunha zona de protección da autovía AG-56.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, expte. nº IF204A 2020/000048-1, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 2.307,20 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 541,29 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 605,86 euros.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda en Guitiande, derivando o condutor XZI 240 ata a arqueta a instalar desde a que se acomete con condutor XZI 2*50 ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 39,00 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña de data 26/02/2020, visado nº 556/20-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº7650426NH2475S0000MK) sitúase en Guitiande nº 70, Os Ánxeles, está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e nela estase a construír unha vivenda unifamiliar que contan con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 14/09/2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 805,81 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 101,16 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 165,73 euros.

CUARTO.- CORRECCIÓN DE ERROS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Chaves Rivas, que di actuar en representación de MARÍA ÁNGELES RAÑA MAROÑAS, na que solicita corrección da superficie da parcela sita na Avda. dos Ánxeles nº 34-A, pola esixencia da nova Lei hipotecaria que obriga a incorporar á escritura notarial un informe de validación gráfica coas representacións xeorreferenciadas, que resulta coincidente con catastro e coa realidade física pero que non coincide coa superficie rexistral; segundo certificado asinado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña e Pontevedra, na data 05/05/2020, nº expte:20200275 e informe positivo de validación gráfica.

Antecedentes:

1. Con data 16/09/2002 a Comisión de Goberno do Concello concedeu licenza de segregación a Fermín Cancelo Piñeiro, representante de Estructura e Construcciones Paradel S.L, do solar nº 34 da Avd. dos Ánxeles, que ten unha superficie de 934 m² e co fin de proceder á construción de catro chalés pretende a división en catro parcelas:

Parcela nº1.- Superficie 235,95m².

Parcela nº2.- Superficie 229,85m².

Parcela nº3.- Superficie 229,20m².

Parcela nº4.- Superficie 239,00m².

2. Con data 21.03.2003 a Comisión de Goberno do Concello concedeu licenza a Fermín Cancelo Piñeiro, representante de Ubecon Inversiones Inmobiliarias S.L., para construír 4

vivendas unifamiliares adosadas (soto, dúas plantas e baixo cuberta) no lugar de Alqueidón-Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Luis Estévez Suárez.

3. Con data 01.06.2006 solicitase licenza de primeira ocupación das 4 vivendas unifamiliares adosadas sitas na Avda. dos Ánxeles, numeradas como 34-A, 34-B, 34-C, e 34-D.

4. Con data 17.02.2009 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de primeira ocupación para a vivenda sita na Avd. dos Ánxeles 34-D en vista do certificado final de obra emitido polo arquitecto Jose Luis Estévez Suárez, para as 4 vivendas unifamiliares adosadas, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.12.2005.

5. Con data 23.12.2019 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de primeira ocupación para a vivenda sita na Avd. dos Ánxeles 34-A en vista do certificado final de obra asinado polo arquitecto Jose Luis Estévez Suárez o 05.12.2005, e a documentación do final de obra presentada.

6. Con data 29.04.2020 solicitase corrección da superficie da parcela, pola esixencia da nova Lei hipotecaria que obriga a incorporar á escritura notarial un informe de validación gráfica coas representacións xeorreferenciadas, que resulta coincidente con catastro e coa realidade física pero que non coincide coa superficie rexistral. Preséntase a seguinte documentación:

- . Certificado asinado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña e Pontevedra, na data 05/05/2020, nº expte:20200275
- . Informe positivo de validación gráfica.

As modificacións necesarias para axustar á realidade a finca obxecto afecta unicamente á superficie da parcela obxecto deste informe e non modifican lindeiros.

Vistos os informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 9/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a instancia do interesado, acorda:

1º) Rectificar o erro aritmético advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado nos seguintes termos na descrición da parcela nº1, sobre a que se sitúa a vivenda 34-A:

Onde di: Parcela nº1.- Superficie 235,95 m².
Debe dicir: Parcela nº1.- Superficie 232,00 m²

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González